

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de clausura da xornada *Da Constitución española de 1978 ao Estatuto de Autonomía de Galicia*

Parlamento de Galicia, 21-12-2018 // 13,30h.

Presidente da Xunta de Galicia,
Conselleiras e conselleiros,
Membros da Mesa e portavoces do Parlamento de Galicia,
Ex presidenta do Parlamento de Galicia,
Valedora do Pobo,
Presidente do Consello Consultivo,
Senadores e deputados do Congreso e do Parlamento de Galicia,
Directores xerais da Xunta de Galicia,
Relatores destas xornadas,
Señoras e señores:

Boa tarde e moitas grazas a todas e a todos. Agradecemento aos diferentes relatores que ao longo da mañá se sucederon no uso da palabra, ilustrándonos cos seus coñecementos, vivencias e opinións; e agradecemento, por suposto, ao público asistente, demostración fidedigna de que a historia e a política interesan, e moito, tamén á xente nova como a que hoxe, e na xornada do pasado 3 de decembro, nos acompaña.

Como se ten comentado por activa e por pasiva, España celebrou ao longo deste ano 2018 que remata o 40 aniversario da vixente Constitución, aprobada no referendo do 6 de decembro de 1978.

Catro décadas nas que as luces se impoñen claramente sobre unhas sombras que tampouco sería lexítimo obviar.

Pero, como afirma atinadamente un dos nosos máis reputados constitucionalistas, o profesor Blanco Valdés, no seu último libro: «La joven democracia española elaboró nuestra mejor Constitución, colocó a los militares en su sitio, separó la Iglesia y el Estado,

descentralizó el poder territorial, garantizó las libertades y derechos, aseguró la limpieza electoral, sentó las bases para un aumento espectacular del nivel de vida de un país que de emigración pasó a serlo de inmigrantes, modernizó su economía y estableció una red de servicios públicos de extraordinaria calidad»¹.

Atopámonos no Parlamento de Galicia remembering o que, como sinala o propio título destas xornadas, foi o *longo camiño de Galicia cara ao seu autogoberno*.

Celebramos esta xornada o 21 de decembro, porque tal día coma hoxe, en 1980, foi aprobado en referendo o vixente Estatuto de Autonomía de Galicia.

Un camiño que ten a súa orixe na vixente Constitución española da que xorde o denominado Estado das Autonomías, no que, co paso dos anos, Galicia se converteu, por méritos propios —os dos seus gobernantes e as institucións autonómicas—, en guía e exemplo para moitos.

Como nacionalidade histórica, dona dunha historia, unha lingua e unha cultura de seu, Galicia séntese orgullosa, ao tempo, de ser e actuar como parte indisoluble do conxunto de nacionalidades e rexións que conforman España; participa activamente na integración europea, un continente co que mantén unha relación secular fraguada arredor do Camiño de Santiago; e cultiva e alenta os seus vínculos fraternais con Iberoamérica.

Unha realidade que é froito dunha historia rica e diversa que quixemos recuperar nesta xornada —como xa fixemos na celebrada a principios de decembro— da man de expertos universitarios, como o profesor Justo Beramendi, que foi presentado pola tamén profesora Rosario Álvarez, arestora presidenta do Consello da Cultura Galega.

Malia que poida entenderse como un tópico, é ben certo que a ciencia histórica resulta imprescindible para entender o presente e, ao tempo, atinar mellor nas decisións que marcarán o rumbo futuro.

¹ Blanco Valdés, Roberto L. *Luz tras las tinieblas. Vindicación de la España Constitucional*. Alianza Editorial. 2018.

A mesa redonda sobre a Constitución do 78 e os pactos do Hostal, moderada polo profesor Ramón Villares, achegounos os testemuños, en primeira persoa, dos artífices do rexurdimento do Estatuto galego logo do recorte ao que fora sometido en Madrid.

Eles, e outras persoas —algunhas das cales xa non están connosco— fixeron posibles os Pactos do Hostal. E grazas a eles Galicia conta cun Estatuto e cunha autonomía política de primeira, equiparable á de Cataluña e do País Vasco, malia os intentos que daquela, hai preto de catro décadas, quixeron converternos nunha comunidade de segunda, pretensión tan inxusta como absurda.

Por fortuna, aquel erro histórico non chegou a perpetrarse; foi corrixido a tempo e hoxe, o igual que no pasado recente, Galicia está a demostrar con feitos que conceptos como autonomía, como autogoberno, como identidade diferenciada, son e deben ser absolutamente compatibles con outros igual de imprescindibles como lealdade institucional, respecto ao marco constitucional, xestión responsable, credibilidade ou solvencia económico-financeira.

O noso recoñecemento, xa que logo, aos artífices dos Pactos do Hostal que volveron situar o proxecto de Estatuto de Galicia na senda do autogoberno pleno, constitucional e responsable.

Pese a que en ocasións estaban situados nas antípodas ideolóxicas, os pais da Constitución deron exemplo de capacidade de diálogo, de xenerosidade e de cesión na procura do ben común, que non buscaba outra cousa que dotar España dun instrumento de convivencia a partir do que desenvolver o estado social e democrático de dereito que temos hoxe; unha democracia avanzada, que malia ser a máis recente da Europa occidental resulta completamente equiparable coa de calquera país da nosa contorna.

Democracia avanzada que, se cadra, pode precisar axustes, constitucionais ou doutro tipo, porque a España actual xa non é a do 78, como ben se nos recordou hai escasas semanas. Para iso están as



institucións democráticas e os instrumentos previstos polo dereito a tal efecto.

Agradezo a participación dos tres portavoces parlamentarios que hoxe nos acompañan. Todos —presentes e ausentes— foron convidados a participar desde e nunha institución que ten no diálogo, a concordia e a negociación as súas principais ferramentas de traballo.

A eles e aos partidos políticos con representación parlamentaria corresponde boa parte da responsabilidade de sentar as bases doutros 40 anos de convivencia, de estabilidade, de crecemento e de benestar que España e os españois precisamos. Que Galicia e os galegos esiximos.

Oxalá que dentro de catro décadas as mozas e mozos que hoxe nos acompañan poidan celebrar que estes desexos acaben convertidos en fecundas realidades e que, daquela, xa na madurez das súas vidas, afirmen con rotundidade e con orgullo: misión cumprida.

Que así sexa e moitas grazas.